

EDICTO

O Pleno do Concello de Ferrol, en sesión celebrada o día 26.09.2024, aprobou a cesión á Mancomunidade de Municipios de Ferrol, por un prazo de 20 anos e de forma gratuíta, 3.403m² da parcela 15037A05305001 inscrita co número de inventario 1.200.380, finca rexistral 65787, tomo 2277, libro 926, folio 141 e alta 1, situada no Lugar de Pozo da Lagoa en Mougá, para adscribilos aos servizos en materia de benestar animal prestados pola Mancomunidade.

Así mesmo acordouse someter o citado acordo a información pública durante un prazo de 20 días de conformidade co disposto no artigo 83.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Patrimonio das Administracións Públicas, mediante a súa exposición no Taboleiro de anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Ferrol, co fin de que as persoas interesadas puideran examinar o expediente e presentar as alegacións que consideraran oportunas. No citado acordo estableceuse que de non presentarse alegacións durante o período de exposición pública, entenderíase definitivamente adoptado o acordo, sen necesidade de novo acordo plenario.

Pois ben, consta no expediente certificado da oficiala maior do Concello de Ferrol de data 20.11.2024 que acredita que durante o período de exposición pública non se presentaron alegacións, polo que, o acordo adoptado se eleva a definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario.

En consecuencia, faise público o acordo definitivo de cesión á Mancomunidade de Municipios de Ferrol, por un prazo de 20 anos e de forma gratuíta, 3.403m² da parcela 15037A05305001 inscrita co número de inventario 1.200.380, finca rexistral 65787, tomo 2277, libro 926, folio 141 e alta 1, situada no Lugar de Pozo da Lagoa en Mougá, para adscribilos aos servizos en materia de benestar animal prestados pola Mancomunidade, mediante a súa publicación na Sede Electrónica e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Ferrol.

Contra o anterior acordo, elevado a definitivo, e de conformidade co previsto no artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do acordo na Sede Electrónica e no Taboleiro de anuncios do Concello de Ferrol.

Ferrol na data da sinatura dixital

A concelleira delegada de Economía, Facenda,
Patrimonio, RRHH e Estatística
(BOP núm. 242 de 20.12.2023)